PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL
09 MAR. 2017
Núm. 1859

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de marzo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 3333 (10/POC-000558)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre os obxectivos da creación da Axencia Galega da Industria Forestal, reflectida no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, así como as intencións do Goberno galego en relación coa organización da investigación forestal e a inclusión do centro de Lourizán na mencionada axencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017

1.2 4281 (10/POC-000733)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 5 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ao número de persoas mozas incorporadas á actividade agraria no ano 2017 en relación cos anos anteriores, así como a súa repartición territorial e por sectores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017

1.3 4500 (10/POC-000770)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación e das carencias que presentan as entradas de acceso ás propiedades dos veciños, tras o remate dos traballos da concentración parcelaria denominada Parada II, no concello de Ordes, así como as previsións da Consellería do Medio Rural respecto do seu arranxo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL SAÍDA
09 MAR. 2017
NÚM. 1859

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 2257 (10/PNC-000232)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego de liñas de axuda para lles posibilitar ás comunidades de montes veciñais en man común a súa dotación de plans de ordenación forestal e do selo de certificación forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016

2.2 4671 (10/PNC-000444)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos prexuízos ocasionados aos fogares e empresas no medio rural pola duración dos cortes na subministración de enerxía eléctrica padecidos durante o temporal rexistrado en Galicia na primeira fin de semana de febreiro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

2.3 5061 (10/PNC-000482)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da modificación do Real decreto 1049/2003, polo que se aproba a norma de calidade relativa ao mel, co fin de permitirlles aos apicultores galegos a diferenciación das súas producións fronte ás doutros países, así como aos consumidores a orixe clara dos meles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

2.4 5074 (10/PNC-000484)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dunha liña de axudas destinada ao sufraxio do custo da delimitación dos lindeiros dos montes veciñais en man común
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017

2.5 5445 (10/PNC-000520)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
09 MAR. 2017
Núm. 1859

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar e incentivar a creación en Galicia de centros especializados na recría de xovencas de leite, así como a posta en marcha de cursos de formación específicos para a súa realización nas explotacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 08/03/2017 18:20:33